

SEMANA DE ORACIÓN POLA UNIDADE DOS CRISTIÁNS 2023

Carta do delegado diocesano de Ecumenismo

Un ano mais estamos a prepararnos para celebrar a **Semana de Oración pola Unidade dos Cristiáns** (18-25 de xaneiro), que desta vez foi preparada por un grupo dos Estados Unidos de América.

A procura da unidade é un gran reto para os cristiáns, pois estamos chamados a ser testemuño de que a fraternidade é posible. Dende o Concilio Vaticano II todos os Papas nos teñen lembrado o compromiso irreversible da Igrexa a prol da mesma, pois ela “é en



Semana de Oración por la Unidad
de los Cristianos | Del 18 al 25 de enero de 2023



Cristo como un sacramento, ou sexa, signo e instrumento da unión íntima con Deus e da unidade de todo o xénero humano” (LG 1). Para ser instrumento, ten que ser ao mesmo tempo signo, e non o pode ser se os que formamos parte dela non nos podemos presentar unidos. Por iso, como nos recordaba o irmán Alois de Taizé, na súa carta do 2022, o evanxeo chámanos a superar as divisións e a dar testemuño de que a unidade é posible dentro da gran diversidade. Non é esta unha contribución prioritaria que os cristiáns están invitados a ofrecer con vistas á fraternidade na familia humana?

Desgraciadamente seguimos a estar nun contexto de guerra entre irmáns, unha guerra entre cristiáns. A pesares dos esforzos por parte do Patriarcado Ecuménico e do mesmo Vaticano, a **guerra de Ucraína** nos está a

avergoñar, pois manifesta o gran fracaso do ecumenismo actual, cando parecía que todo ía camiñando cara a unidade. Xa nos recordaba o papa Francisco fai uns anos que o ecumenismo é unha gran empresa con perdas. É un camiño longo e difícil. Á vista está o resultado da fase diocesana do Sínodo Universal, sintetizada pola Conferencia Episcopal Española (“Temas que han tenido una fuerte resonancia en el proceso sinodal”):

“Atención específica merece el tema del diálogo con las demás confesiones cristianas y con otras religiones. Reconocemos que tenemos escasa experiencia ecuménica en nuestras comunidades, al tiempo que comprendemos la necesidad de establecer este diálogo allí donde no existe y, en su caso, de potenciarlo, con espacios e iniciativas compartidas que lleguen a todos los miembros de las comunidades”

Se esta é a situación de España, a da nosa diocese non é mellor. Xa non se trata de potenciar o diálogo e a colaboración; trátase de comezalos. Debo recoñecer honestamente que, en mais de vinte anos como delegado de Ecumenismo, apenas coñezo a un par de pastores de outras confesións cristiás. As múltiples ocupacións fan que sempre vaia deixando ou pospoñendo esta tan importante labor de acercamento. Sen o contacto humano frecuente é imposible que se constrúan amizades e, polo mesmo, confianza.

Por todo isto, aproveito a ocasión para facer un **chamamento** a todas aquelas persoas que queiran formar parte dunha **comisión diocesana de Ecumenismo**, co fin de crear ambiente ecuménico na diocese e, sobre todo, co fin de ir a coñecer aos cristiáns de outras confesións que viven entre nós.

Os **materiais** que tedes recibido, como sempre, teñen previsto unha oración para todos os días, que se pode incorporar á Eucaristía parroquial ou comunitaria. Ao mesmo tempo, por primeira vez, tamén se engade unha sinxela catequese para nenos e adolescentes, xunto coa guía do catequista. Conteñen unha información básica, pero valiosa, sobre a actividade ecuménica da Igrexa. Finalmente, tamén, aportan un modelo de **celebración ecuménica**.

A propósito disto último, durante varios anos se organizaba esa celebración en Viveiro (Valdeflores); algunha vez tamén en Ferrol. Dende que comezou a pandemia, xa non foi posible. Este ano sería factible, pero non o considero oportuno porque, á vista dos resultados do Sínodo, e sendo coherente con eles, significaría “celebrar algo que non existe”. De feito, nas celebracións de anos anteriores soamente estábamos os ‘católicos’. Certo é que en varias ocasións invitei a diferentes comunidades, pero nunca asistiron. Incluso, ofrecín a posibilidade, como se fai en outros sitios, de acudir nós a algún lugar de culto deles para que a celebración se desenvolvese alí.

A razón desta falta de acollida destas iniciativas xa está enunciada nas liñas anteriores: falta de confianza, por falta de coñecemento, os tópicos históricos contra a Igrexa católica, etc. Polo tanto, este traballo hai que facelo previamente, para ‘crear ese ambiente’ necesario que leve a realizar unha celebración ecuménica no futuro.

A Semana de Oración, en consecuencia, convidanos a **reflexionar sobre o noso compromiso pola unidade**, recoñecendo que é un don de Deus ao que debemos responder coa acollida. Acoller o seu Espírito, mediante a oración, nos preparará para ir ao encontro e abrírnos aos dons que os demais tamén teñen. O evanxeo empúxanos a cultivar a arte de crear unidade. “Todos nós podemos ser xa artesáns da unidade forxando lazos de escoita e amizade alí onde nos atopamos” (Carta de Taizé 2022).

Benito Méndez, delegado de Ecumenismo

Email: ecumenismo@mondonedoferrol.org

Web: www.mondonedoferrol.org/ecumenismo